

Pode ser a tatuaxe unha arte nómada?

Pruden Tattoo é un proxecto que formamos Lúa e Anxo no que mesturamos tatuaxe, artes plásticas e roupa, entre outros formatos. Aínda que somos ourensáns e en Ourense é onde residimos hoxe en día, pasamos a metade do ano viaxando por toda Europa, desenvolvendo a nosa actividade artística por máis de 20 cidades distintas, como Berlín, París, Colonia, Basilea ou Hamburgo.

O que fai sete anos comezou como unha necesidade, a procura de nova clientela interesada no estilo que nós facemos empurrounos a unha vida de traballo itinerante. Un camiño exento de rutinas e satisfactorio, pero tamén sacrificado e exixente.

Este percorrer foi recollido no noso fanzine "*128.000 Quilómetros*", no que contamos o que vivimos dende que comezamos na tatuaxe ata o ano 2021, cuxas anécdotas e historias van acompañadas de ilustracións e fotografías analóxicas feitas por nós mesmos.

Ademais das tatuaxes, que poderíamos considerar a nosa actividade principal e primixenia, os imperativos da vida moderna levounos á tarefa multidisciplinar. Dende a creación de contidos nas redes sociais, a impresión de láminas, o deseño e ilustración para marcas e a produción das nosas prendas.

Os dous somos graduados en Historia da Arte, o cal proporciónanos unha base teórica e unha fonte de recursos moi valiosa no desenvolvemento da nosa creación. As inquedanzas da nosa formación tamén deron lugar á creación de "*School's Out*", unha colección cápsula que xira en torno ao papel da mulleres que participaron de xeito crucial na Escola da Bauhaus. Unha colección que chegou ao propio Museo da Bauhaus en Dessau, en cuxa tenda foron vendidos os nosos produtos como a bufanda que desta exposición forma parte.

Lúa e Anxo

Redes: @pruden.tt

Web: www.prudentattoo.com

De quen é a tatuaxe?

Rexeitamos as nocións clásicas de autoría, creación e produción. A tatuaxe é un proceso, non un produto: parte tanto de quen o fai (as dúas tatuadoras), coma do soporte (o corpo tatuado), coma de quen o transmite (a que grava e edita) e remata con aqueles que o consumen e interpretan. O significado dunha tatuaxe non é propiedade de ninguén, e a través da autoría colectiva intentamos diluír a noción clásica de propiedade intelectual.

A pregunta "*a quen pertence unha tatuaxe?*" non ten sentido máis alá do marco legal e administrativo que se lle impón para que as dúas tatuadoras poidan cobrar e sobrevivir. A tatuaxe como tal é unha obra móbil, participativa.

A separación da arte e do proceso participativo a través do cal chegamos a ela perverte por completo a natureza da creación. As ideas transfórmanse en obxectos. Se o autor individual non existe, a obra non é de ninguén: é de todos. Matar a propiedade da obra significa devolver a vida á colectividade.

Creadoras:

@clan.destino.tattoo

@viyyyi

Malena

III (vídeo)

Como é a formación?

“A formación a día de hoxe en comparación á de hai 30 ou 40 anos é o día e a noite.

Cando eu empecei nisto nin sequera era un oficio; máis diría, tatuarse era case coma un tabú, non había case xeito de conseguir máquinas ou materiais máis aló dos que podían vir dalgunha cidade grande de Francia, Alemaña, Suíza, Inglaterra... ou no meu caso, coma calquera galego, supoño, tiña un familiar en Suíza emigrado que un verán nas vacacións do 88, agasalloume cunhas máquinas que comprara en Suíza a un tatuador, xa usadas; algo moi difícil de atopar aquí por non dicir imposible.

Logo diso, pois búscate a vida cun manual en francés, sen o famoso tradutor de Google...

Agora fan cursos específicos, ven titoriais en vídeo en Internet e é algo xa habitual facer Arte na universidade, polo que a formación é moito máis precisa e de máis calidade”

Chema Jebelza

Redes: [Jebelzatattogallery](#)

A tatuaxe é unha artesanía ou unha arte?

A arte é un concepto que depende unicamente do espectador.

Un espectador que observa e decide o valor que ten a obra que está a contemplar. Cada persoa terá unha opinión sobre ela que pode ir dende o simple "*bonito ou feo*", ata unha amplitude de discursos que poden ser filosóficos, estéticos, técnicos e un largo etcétera.

A arte máis básica depende da opinión maioritaria: se unha obra gusta a moita xente, é boa, é bonita, é arte.

A tatuaxe céntrase na opinión e o concepto ou idea dunha persoa, dun espectador, dun cliente.

O cliente, na tatuaxe, pode decidir que é para el ou para ela arte. Ofrece ao ou á tatuadora unha idea, un concepto, ás veces unhas simples indicacións coas que crear mediante a ilustración unha obra destinada a ser tatuada na pel do cliente.

A obra en si, elabórase coa colaboración entre cliente e tatuador, este último, ten responsabilidade técnica na elaboración, pero tamén na creatividade, na adaptación á zona do corpo e ao tipo de pel e, sobre todo, na explicación do proceso, recomendacións, e o importantísimo concepto da paciencia.

A persoa tatuada, ten no seu propio corpo unha obra de arte única, na que puido escoller a idea, a temática, o concepto, o estilo, a composición e o máis importante: o/a artista que executou a obra.

Abraham Caride

do estudio de tatuaxes BANG & Fun en Ourense.

@abrahamcaride

@bangandtattoo

Que pasa coa propiedade intelectual no caso da tatuaxe?

O auxe da tatuaxe nestes últimos anos exponnos tanto a consumidores como artistas pertencentes ao gremio, unha cuestión interesante.

A propiedade intelectual. EXISTE? Efectivamente, o que existe é un baleiro legal en canto ao tema proposto; dita situación non impide ao artista coñecer - as regras non escritas- respecto aos deseños.

En primeiro lugar, a propiedade intelectual é independente á idea do dereito de explotación. De maneira inconsciente, os artistas traballamos na maioría dos casos a partir de referencias xa existentes (non é habitual, e menos hoxe en día con toda a información coa que nos bombardean) crear algo propio e único partindo de cero, da nada.

A tatuaxe tradicional funciona e, polo tanto, todas aquelas obras que nos resultan necesarias como referencia aos tatuadores actuais, son repintadas, feitas unha versión e reproducidas unha e outra vez: A clave nesta situación tan habitual, é respectar dita idea e nunca esquecer agradecer e mencionar o traballo previo do artista ao que atendemos e o cal foi crucial para a creación da nova obra.

Os dereitos de explotación é unha temática incerta xa que estamos a reproducir as obras en soportes individuais vivos e con dereitos á súa vez: os corpos ou a pel dos nosos clientes. Entramos, por tanto, de cheo noutro punto de interese para o artista da tatuaxe ou da ilustración como é no meu caso: o concepto de prestixio, orixinalidade e a formación artística.

O concepto de PRESTIXIO poderíamos analízalo desde moitos puntos de vista e entrar nun debate bastante subxectivo. Persoalmente, e tratando neste caso á tatuaxe como forma de expresión artística complementaria, o prestixio ou recoñecemento vai ligado de maneira directa á orixinalidade, ás variacións de técnicas e estilos, á mestura de elementos dispares entre si, á evolución dos deseños arcaicos que funcionan na pel humana pero que se presentan de maneira fresca e moderna... Todas estas variantes forman aos poucos a imaxe persoal do artista, do seu traballo e por tanto, individualizan ao tatuador fronte ao artesán como din do gremio. Como ilustradora e tendo unha técnica artística moi arraigada á miña persoa e sendo, a priori, recoñecida tanto na miña contorna persoal como profesional por iso (ilustracións e retratos realizados exclusivamente con bolígrafo de tinta BIC), foi en todo momento de interese, ser capaz de trasladar dicha técnica ao soporte humano coas ferramentas apropiadas.

O estilo da miña obra vese polo tanto reflectida nos deseños e a técnica das tatuaxes que realizo, salvándonos de ser confundidos con demais artistas e sentindo na maioría de ocasións que o consumidor recorre a ti por todo o anteriormente mencionado e non exclusivamente como opción dispoñible. Polo tanto, como artista, a procura do devandito prestixio resulta inminente e necesario do mesmo xeito que co resto de artes plásticas existentes, a condición de que, sen esquecer en ningún momento que o soporte ou formato desta técnica é un órgano vivo, funcione e lúzase con orgullo "para toda a vida.

LORRAINE